




á reviravolta vol. 1



Samuel L. París
á reviravolta vol. 1
<http://pararaparis.wordpress.com>

á reviravolta vol. 1

Retroparadón co peito.
Molo! Molo! Molo!
Eddy Murphy para ignorantes.
Franco-camerunés. Diatriba colonial.
Bandeiras do desamor. Remates de cabeza.
Pérez Lasa anula gol coa testa. Songo'o,
 perdiches a cabeza.
Kouba no banco. Kouba non ten pasaporte.
Pasas de Kouba.
Retroparadón. Saír a por uvas. Felino cando queres.

Retroparadón. Pantalón longo.
Luvas afiadas.

Alumina alumanolo. Manoluminio.
Perna de aluminio.
Everton Giovanella tronzouche a canela.
Daquela só Kewell che levaba en velocidade.
Xa estabas pelado por arriba e peláronche
a vida.

Quirófano.

Xa antes non centrabas moi alá
e agora centras
con aluminio 5.

Manoluminio. Molo!

Comezaches como Quique
e David Vidal díxoche
que ese non era nome de futbolista.

E púxoche Romero
como apelativo futbolístico.

Ese podería ser o resume da túa carreira.

Iso
e mais o día que te perdiches un partido
porque te trabou unha serpe.

Oh! Como tirabas para arriba, Noureddine!
Pode que non fose o mellor momento,
mais ti subías. Almorzabas rubís
e o teu dorsal, cimitarra inesperable,
impacientaba as ansias daqueles
ollos impacientes que non gastaron
nin un minuto en te desagardar,
oh, fascinio ataque-defensivo!

He's my friend!
He's my friend!
He's my friend!

(O haiku de Jorge
e a hostia da amizade contra Deco)

Moitos anos de carreira.
Moitos pases de menos de cinco metros.
Moitos anos de carreira,
un gol en fóra de xogo.
Moitos anos de carreira
e poucos centímetros de pescozo.
Contigo comezou todo
e contigo rematou.

Roy, o que tiñas de feo,
tíñalo de letal.

O que tiñas de feo e de contrafeito,
tíñalo de bo dianteiro.

Un corpo mancornado e un rostro
construído por pezas
e máis goles que cristo.

Sabemos que nalgunha cancha,
nalgunha gándara,
os teus pés abrirán
defensas
a través
de camisolas
e emblemas.

Caneos como as que a ningunha alma
pensou.

Toda a alegría, desaqueoutrando
a parsimonia.

PD: cabezada a Irureta e hostia a Mostovoi. +1

4.400 millóns de agradecementos,
Real Madrid.

(Toro Acuña poría, despois, as cousas no seu sitio)

Asimetria facial,
zurda feita na casa.

Disque teu irmán era o bo,
mais a Historia só é unha.

Bomba! Deixabas caer sempre aquela bomba!
E o teu ecuador
medía o mesmo que os trópicos.
Cilíndrico fillo dos mil leites.
Lentitude mesta
e tanquiforme.

Bomba in aeternum!